

## Sondaxes arqueolóxicas na praza Saco e Arce nº 7, Ourense

EDUARDO-BREOGÁN NIETO MUÑIZ

Acorde ao proxecto de reforma deste predio para vivenda unifamiliar, e dado que conta cunha protección de grao I no PERI de Ourense, foi preciso efectuar unhas sondaxes arqueolóxicas previas. Planeáronse dúas sondaxes de 3 x 3 m que, debido ás reducidas dimensións do soar (45,20 m<sup>2</sup>) e á necesidade de deixar un perímetro de seguridade en todo o seu redor, cubriron case toda a superficie practicable.

Sitúase o soar dentro da zona histórica de Ourense, unha das zonas de maior tradición do Ourense medieval e moderno, organizado no contorno da igrexa e do hospital da Trindade, que pechaba a cidade por este sector S. Do s. IV datan as sepulturas máis antigas detectadas no seu contorno.


A rede urbana sufriu nesta zona importantes modificacións. Ao esplendor urbano dos séculos XII e XIII seguíronlle os inestables séculos XIV e XV, experimentando un novo crecemento urbano no século XVI, compactándose os arruamentos ata entón ocupados por hortas e baleiros. No estirón urbano decimonónico abriuse a nova rúa Padre Feijoo, continuación da rúa do Pelouriño (hoxe Colón), que limita a praza polo W. Creábase así unha nova entrada á cidade, comunicándoa co recentemente creado Xardín do Posío, á vez que se creaba tamén a veciña praza de Manuel Sueiro tras a demolición do antigo cárcere en 1855. Estes cambios forzaron unha nova estruturación interna desta zona S, afectando as aliñacións das vellas fachadas.

Ao horizonte romano pertencen numerosos restos detectados en intervencións arqueolóxicas nos predios veciños, aínda que case todos eles en deposición secundaria ou en niveis moi febles.

As sondaxes practicadas permitíronnos acadar o substrato natural de sábrego, a unha fondura de máis de 1,50 m desde a rasante da rúa. Detectáronse neste unhas cavidades, sen indicios de teren sido orixinadas por unha actividade extractiva, atribuíndollos á erosión natural. Apareceron estas cubertas cun nivel de terra marrón-cincenta, nivelando o chan (UE.1112, UE.1223). É este o primeiro nivel ocupacional conservado, cuberto cunha importante camada de queimado (UE.1111 e UE.1222). O material relacionado con el lévanos a horizontes medievais, talvez de alta época.

Sobre este nivel estendíase unha importante camada de recheo, de 50 cm de potencia máxima, con gran cantidade de cascallo e material arqueolóxico en deposición secundaria (UE.1109, 1110 e UE.1220). Destaca entre este, fragmentos de *tegula* e TSH, mesturados con outros medievais. Sobre este nivel de recheo edificouse unha estrutura rectangular, con lenzos orientados en sentido N-S e E-W, na que diferenciamos tres tipos de fábrica correspondentes a cadansúa fase construtiva.

O treito N, de 90 cm da anchura, está formado por pedras de mediano tamaño non moi ben trabadas, cimenta-



Planos xerais das sondaxes



Detalle da estrutura circular de ladrillo

das sobre o sábreo natural, enterrándose naquela primeira camada de nivelación (UE.1223). Puidese tratarse dun treito de muro reaproveitado dunha construción preexistente, relacionada co primeiro nivel de ocupación, sempre nun horizonte medieval. O treito S é de mellor factura, dentro da mediocridade, cimentándose na potente camada de recheo con material romano e medieval (UE.1109). O treito W parece ter sido construído nun momento posterior, a xulgar pola gabia de cimentación, que cortaba un nivel de sábreo



Vista xeral das sondaxes

botado e correspondente ao momento de ocupación da estrutura, contendo xa materiais modernos. A este momento corresponde tamén a construción do solado interior, de moi boa factura.

Todos estes restos foron amortizados por unha camada de terra correspondente ao período de abandono, con material en revolto (medieval, moderno, mesmo algún fragmento romano, unha moeda do s. XVII...). Aínda así, o proceso construtivo no soar non rematou aí, senón que detectamos novas estruturas datadas con claridade en época moderna (UC.1206). Nos niveis de abandono correspondentes á edificación pétreo rectangular foi escavado, ao NW desta e ben pegado a ela, un burato de 1,60 m de diámetro e algo máis de 60 cm de fondo, chegando ao sábreo natural. Nivelado o fondo desta fosa cunha coidada camada de barro de 3 cm, construíuse dentro dela unha estrutura circular de ladrillo, de 75 cm de diámetro exterior e 50 cm de diámetro interior, con paredes de 12,5 cm de grosor. Tanto o interior coma o exterior desta foi reenchido con sucesivas camadas de barro e terra, ata deixar ao descuberto 20 cm en altura. Os ladrillos que a rematan estaban moi ben preparados e rematados con barro fresco, logo endurecido, recordando aos dos fornos cerámicos. A única abertura é a boca superior, cun diámetro de 34 cm, describindo unhas paredes interiores de tendencia abovedada, cunha fondura interior de tan só 44 cm. No seu interior tan só detectamos os restos dun pau queimado de 5 cm de diámetro chantado ata uns 15 cm no centro.

Todo o conxunto desta estrutura de ladrillo apareceu cuberto de terra roxa, correspondente ao seu abandono. Nesta terra foi rechamante a gran presenza de restos de cobre, moi desfeito polas extremas condicións de humidade. Puideran estes restos achegar algunha idea sobre a función da estrutura; talvez algún forno ou estrutura de quecemento para fundición, inda que non foi detectado ningún resto de escoura metálica nin restos de queimado de consideración.

En niveis superpostos á estrutura de ladrillo detectamos restos de canalizacións contemporáneas, percorrendo o fondo do soar, relacionadas con outras con saída cara á rúa dianteira, reaproveitada aínda en tempos recentes. A gabia de preparación desta última, a base de coios ben trabados, afectou a todos os niveis de recheo descritos ata a metade da sondaxe.

Os restos estruturais atopados seguen unha aliñación diferente ao arruamento actual, orientándose en dirección N-S, coincidindo coa orientación doutras estruturas desenterradas no soar veciño, onde tamén se localizaron restos romanos en deposición secundaria. Esta realiñación debeu ser provocada polos cambios urbanísticos comentados ao comezo deste resumo. □